

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA O INICIO DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO PARA A REDACCIÓN DUN PXOM

Ao Pleno Municipal da Corporación de Cuntis

Cuntis, 21 de xaneiro de 2021

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Pleno da Corporación de Cuntis, en sesión extraordinaria do día 14 de xaneiro, aprobou inicialmente o orzamento municipal para o presente exercicio. O proxecto inicial do Goberno Local incorpora, segundo os acordos acadados, propostas do Grupo Municipal de Veciñanza que estimamos de especial interese para a situación que atravesamos no noso municipio. Entre elas cómpre salientar o compromiso acadado entre as dúas partes para o inicio da tramitación dun PXOM. O desenvolvemento urbanístico no noso municipio é unha materia que presenta carencias históricas e sitúase como unha das grandes necesidades en pleno século XXI para os veciños e veciñas de Cuntis. Tanto é así que figura como unha das promesas reiteradas en todos os programas electorais das forzas políticas que nas últimas décadas veñen concorrendo ás eleccións.

O 27 de outubro de 2019, mediante decreto de Alcaldía (2019-0898), resolvíase o contrato de redacción do PXOM vixente dende o ano 2004. Durante quince anos o concello de Cuntis estivo pagando as cantidades estipuladas polos traballos realizados á empresa redactora, pero o documento final nunca chegou a presentarse ante o pleno da Corporación. No ano 2021, aproveitando o incremento da capacidade inversora que o concello de Cuntis experimenta e se pon de manifesto no proxecto de Orzamentos Municipais, Veciñanza presentou emendas para incorporar unha partida específica que permita iniciar a tramitación do contrato, atendendo á necesidade existente de contar cun instrumento como é un plan xeral de ordenación urbanística adaptado á realidade actual cuntesa.

Prometida verbalmente esta incorporación, Veciñanza aspira a consolidar un acordo das tres forzas políticas que sosteña esta iniciativa e adopte forma documental mediante acordo plenario

Por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno Municipal a executar a partida reservada para o inicio dos trámites necesarios para a contratación da redacción dun plan xeral de ordenación urbanística.
2. Instar ao Goberno Municipal a captar fondos doutras administracións para completar na medida do posible o investimento nesta materia.
3. Iniciar, o antes posible, o procedemento administrativo para a redacción dun PXOM para o Concello de Cuntis.